

RUMI

Aplicación para a notificación
e rexistro do maltrato infantil desde o

ÁMBITO
EDUCATIVO



XUNTA
DE GALICIA

Índice

1. INTRODUCCIÓN.	3
2. ACCESO.	4
3. NOTIFICACIÓNS.	5
3.1. ENGADIR NOVA NOTIFICACIÓN.....	5
3.2. BUSCA DE NOTIFICACIÓNS	8
3.3. CONSULTA/EDICIÓN DE NOTIFICACIÓNS	13
4. INFORMACIÓN DE INTERESE.....	15
5. TROCAR CONTRASINAL	16
6. DATOS NOTIFICADOR	17

1. INTRODUCCIÓN.

O sistema de rexistro unificado de maltrato infantil, de agora en diante RUMI, está destinado ao rexistro dixital e unificado das notificacións de risco de maltrato infantil dende os diferentes ámbitos implicados na protección do menor.

A finalidade deste rexistro é dispor dunha fonte de información que facilite a mellora no seguimento de situacións de risco, dando pé á integración da información obtida polos diferentes actores implicados e dotando, aos encargados da valoración das situacións, dunha visión máis ampla sobre a posible problemática ou situación de risco na que se pode atopar o menor

Este manual está destinado aos usuarios do ámbito educativo do sistema RUMI, e polo tanto atópanse comentadas as funcionalidades que ofrece o sistema cando o usuario rexistrado se corresponde co ámbito educativo.

2. ACCESO.

O acceso á aplicación de RUMI lévase a cabo mediante usuario e contrasinal.

Estes datos serán facilitados polo administrador do sistema pertencente ao Servizo de defensa do menor teléf. 981545667.

Haberá un usuario por centro educativo, que poderá ser empregado pola persoa encargada das notificacións. Recoméndase que sexa sempre a mesma dado que lle será máis sinxelo completar a información por estar familiarizado coa ferramenta.




Figura 1. Pantalla de acceso a aplicación.

Pódese cambiar a clave ou modificar os datos do usuario. Nas seccións 5 e 6 deste manual explícase como facelo. No caso de perder o contrasinal este pode ser modificado polo usuario administrador do sistema polo que se poderá chamar ao teléf. 981545667/981545661 e solicitar o seu cambio.

3. NOTIFICACIÓNS.

Os usuarios do ámbito educativo teñen a opción de xerar, consultar ou editar as notificacións. No caso de consulta e edición so terán acceso a notificacións xeradas por eles mesmos ou por algún usuario do mesmo centro que eles.

3.1. ENGADIR NOVA NOTIFICACIÓN

Unha vez que o usuario se autenticou na aplicación apareceranlle as seguintes opcións de menú, entre as que se atopa “Engadir nova notificación”.



Figura 2. Opción do menú "Engadir nova notificación".

Facendo click na mesma accederase á seguinte pantalla:

Alta/Edición notificación

*Confirmación do maltrato:

MALTRATO FÍSICO

☐ LEVE
☐ MODERADO
☐ GRAVE

Ten sinais repetidas de feridas, golpes, queimaduras, .. de difícil xustificación

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Manifesta ter sido agredido polos seus pais

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Esconde a agresión e/ou da respostas evasivas ou incoherentes

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

NEGLIXENCIA

☐ LEVE
☐ MODERADO
☐ GRAVE

Aspecto físico notoriamente descoidado, roupa non axeitada, mal olor, parasitoses repetidas

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Desenvolvemento físico, retraso no crecemento, emocional e/ou intelectual inadecuado

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Chega ao centro sen almorzar e/ou presenta apetito desmesurado

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Semella canso, dórmese na aula

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Acode ao centro enfermo, non recibe tratamento médico axeitado

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Absentismo escolar. Escapase de clase, Asistencia irregular a clase. Chega tarde

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Consumo de alcohol e outras drogas

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Os pais non asisten a reunións, nin acoden cando se lles cita, nin colaboran co profesor

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Volta só a casa

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

MALTRATO EMOCIONAL

☐ LEVE
☐ MODERADO
☐ GRAVE

Rouba obxectos na clase. Pide comida

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Presenta problemas. Retraso na lectura / escritura e na linguaxe

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Non controla esfínteres segundo a súa idade ou tendoos controlados non o fai de novo

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Actitude temerosa, silenciosa, manifesta tristura

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Evita falar de si mesmo e da súa familia

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Presenta cambios bruscos de rendemento escolar/conducta

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Os pais teñen unha imaxe negativa ou culpan, desprezan ou o desvalorizan ao neno en público

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Non quere volver á súa casa

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Chama ou busca ser obxecto de atención

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

ABUSO SEXUAL

☐ LEVE
☐ MODERADO
☐ GRAVE

Presenta dor, comechón, na zona anal/xenital

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Presenta coñecementos sexuais non axeitados para a súa idade

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Conduas provocativas ou sedutoras, sexuais explícitas

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Obsérvase ao menor acompañado de adultos distintos

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Ten molestias ao andar ou ao sentarse

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Nena adolescente embarazada (especialmente négase a indentificar ao pai)

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Masturbación compulsiva ou en público

☐ OCASIONAL
☐ FRECUENTE

Violencia Entre Iguala

☐ LEVE
☐ MODERADO
☐ GRAVE

Comentarios:

*Nivel de maltrato:

Identificación do Menor

*Apelidos:

*Nome:

DNI/NIE/Pasaporte/Otro:

*Sexo:

Nacionalidade:

Data de nacemento:

*Provincia:

*Concello:

Data de detección:

(*) Estos campos son obligatorios

Gardar
Restablecer
Cancelar

Figura 3. Formulario de notificación.

Este é o formulario de notificación. Nel, o inventario de síntomas analízase por apartados de tipoloxías. Estes son: síntomas de maltrato físico, síntomas de negligencia no trato do/a menor, síntomas de maltrato emocional, síntomas de abuso sexual e síntomas de violencia entre iguais. É importante destacar que os síntomas non son exclusivos entre si. Con frecuencia será necesario utilizar un ou varios indicadores dos distintos apartados de síntomas para perfilar o caso.

O formulario constará dos seguintes campos:

- **Confirmación de maltrato.** Indica se o maltrato que está a ser notificado foi confirmado, non foi confirmado ou se descoñece esta información. Neste campo deberemos escoller entre as seguintes opcións: Si/Non/Descoñecido.
- **Síntomas e opcións dos síntomas.** A táboa amosada a continuación do campo anterior, contén os síntomas de maltrato analizados por tipoloxías, indicando por cada un deles o nome e as opcións en canto á frecuencia observada. Para facilitar a cumprimentación dos síntomas de maltrato, presentados no/a menor, cada un deles ten unha axuda asociada, que se visualiza premendo na icona  e que indica con máis claridade a qué se refire o síntoma.
- **Comentarios.** Este campo permite especificar a información que o usuario notificador considere relevante e que non se pode especificar noutro apartado do formulario.
- **Nivel de maltrato.** Clasificación do maltrato en función da súa gravidade. As posibles opcións son: leve/moderado/grave
- **Información do/a menor.** Sección do formulario que permite identificar ao neno, nena ou adolescente con síntomas de maltrato para o cal estamos a facer unha notificación.
 - o **Apelidos**
 - o **Nome**
 - o **DNI/NIE/Pasaporte/Outro**
 - o **Sexo**
 - o **Nacionalidade**
 - o **Data de nacemento**
 - o **Provincia**
 - o **Concello**
 - o **Data de detección**

Os campos marcados cun asterisco (*) son os campos obrigatorios, polo que sempre deberán ser cubertos para poder gardar a información. Son os seguintes:

- **Confirmación de maltrato.**
- **Nivel de maltrato.**
- **Información do/a menor.**
 - o **Apelidos**
 - o **Nome**
 - o **Sexo**
 - o **Provincia**
 - o **Concello**

Dado que podería ser que non dispoñamos de toda a información no momento de engadir a notificación ao sistema, e cómpre que a notificación se faga o antes posible, tendo en conta a necesidade de intervir canto antes, a información aquí reflectida poderá ser modificada con posterioridade accedendo a ela a través do “Buscador de notificacións”.

No caso de que ao engadir unha notificación detectemos que xa a tiñamos anteriormente engadida, polo que é un duplicado dunha existente, haberá que notificalo ao Administrador (Servizo de defensa do menor teléf. 981545667/981545661), xa que a aplicación non permite eliminar as notificacións.

No caso de que se faga unha notificación por unha sospeita de maltrato e posteriormente se comprobe que a información non era certa, non se debe solicitar a eliminación do rexistro, xa que debe quedar constancia de todas as sospeitas notificadas, aínda que despois non se confirmen.

3.2. BUSCA DE NOTIFICACIÓNS

Poderá accederse a sección de busca de notificacións premendo na subsección do menú NOTIFICACIÓN – busca



Figura 4. Opción do menú “Busca notificación”.

Ao premer na sección de menú NOTIFICACIÓNS – Busca aparecerá a seguinte pantalla:

Figura 5. Buscador de notificacións – Sección de opcións da busca.

Nesta sección poderemos introducir os parámetros da busca. Ningún dos campos é obrigatorio. Contén os seguintes botóns:

- **Engadir Novo.** Premendo neste botón levaranos á páxina do formulario de introdución de notificacións, explicado na sección anterior, permitindo introducir unha nova.
- **Restablecer.** Limpará a sección de introdución dos filtros de busca.
- **Buscar.** Realizará a busca aplicando os filtros introducidos. No caso de non introducir ningún devolverá todas as notificacións xeradas polo usuario autenticado, no caso de que as haxa.

Cando premamos o botón buscar amosará os resultados que cumpran todas as condicións introducidas nesta sección, de forma que, ao premer o botón buscar sen introducir ningún filtro de busca, devolverá todas as notificacións realizadas polo usuario autenticado ou por algún usuario do mesmo centro que o usuario autenticado, ordenadas pola data na que se introduciron no sistema.

No caso de que ao premer o botón “Buscar” non haxa ningunha notificación que cumpra as condicións de busca a aplicación indicarao da seguinte forma:

Busca de notificacións realizadas

Código de notificación:

Tipo de maltrato:

Indicadores de maltrato:

Nivel de maltrato:

Confirmación do maltrato:

Data de notificación
entre: 04/10/2010 e: 05/11/2010

Datos do Menor

Apelidos do Menor:

Nome do Menor:

Data de nacemento
Entre: e:

Sexo:

Nacionalidade:

DNI/NIE/Pasaporte/Outro:

Provincia:

Concello:

[Engadir novo](#) [Buscar](#) [Restablecer](#)

NON SE ATOPOU NINGÚN ELEMENTO COS CRITERIOS DE BUSQUEDA ESPECIFICADOS.

[PDF](#)

Figura 6. Buscador de notificacións – Sen resultados.

No caso de atopar resultados a sección de resultados da busca terá o seguinte aspecto.

Un elemento atopado.
Páxina 1

ID	Data	Apelidos	Nome	Sexo	Provincia	Concello	Nacionalidade	Notificador	Ámbito		
45	21/09/2010	XXXXXXXX XXXXXXXX	XXXXXXXX	H	A CORUÑA	CORUÑA (A)	Española	educador	EDUCATIVO		

Figura 7. Buscador de notificacións – Con resultados.

Amosará por cada notificación que cumpra os requisitos e que fose engadida polo usuario autenticado a seguinte información:

- **ID.** Indica o código da notificación que é un número autoxerado, á hora de xerar a notificación, que permite identificala inequivocamente.

- **Data.** Indica a data na que se xerou a notificación.
- **Apelidos.** Apelidos da ou do menor para o que se notifica o maltrato.
- **Nome.** Nome da ou do menor.
- **Sexo.** Sexo da ou do menor.
- **Provincia.** Provincia a que pertence o/a menor.
- **Concello.** Concello da ou do menor.
- **Nacionalidade.** Nacionalidade da ou do menor.
- **Notificador.** Identificador do usuario que xerou a notificación.
- **Ámbito.** Ámbito no que se xerou a notificación (neste caso, educativo)
- **Opcións.** Nesta parte da táboa de resultados amósanse as seguintes iconas:
 - o **Edición** . Esta opción permite acceder á ficha da notificación permitindo realizar modificacións na información asociada a ela. Só deixará editar as notificacións realizadas polo usuario autenticado no sistema ou ben por un usuario que pertenza ao mesmo centro que o usuario autenticado. Ver apartado 3.3 Consulta/Edición de notificacións.
 - o **Consulta** . Esta opción permite acceder á ficha da notificación pero mantén os campos bloqueados de forma que só se pode consultar. Haberá certas notificacións nas que só nos deixará consultar a información xa que se a notificación foi creada por un usuario que non pertence ao mesmo centro que o usuario autenticado só poderemos consultala pero nunca editala. Ver apartado 3.3 Consulta/Edición de notificacións.

Unha vez amosados resultados da busca, na parte inferior da táboa de resultados aparecerá un botón “PDF” que permite imprimir en formato pdf a información da pantalla co seguinte formato:

Listaxe notificacións

Data de xeración do informe:
13/10/2010 12:32

Resumo de filtros: Concello notificador = FERROL, Notificador = educador, Ámbito de notificación = EDUCATIVO

ID	Data	Apeiros	Nome	Sexo	Provincia	Concello	Nacionalidade	Notificador	Ámbito
45	21/09/2010	XXXXXXXX XXXXXXXX	XXXXXXXX	H	A CORUÑA	CORUÑA (A)	Española	educador	EDUCATIVO

Total registros: 1

Figura 8. Buscador de notificacións – PDF – Resultados da busca.

Amosa a seguinte información:

- **Data de xeración do informe.** Dado que dependendo da data na que se xere o informe pode variar a información devolta, indícase a data de xeración daquel.
- **Resumo de filtros.** Nesta parte do PDF enuméranse os filtros aplicados na busca. O concello do notificador, o notificador e o ámbito deste son filtros que sempre aparecen nos resultados aínda que non se introducen como filtros.
- **Táboa de rexistros.** Contén a mesma información que na sección de resultados da pantalla de busca.
- **Total rexistros.** Número de rexistros que cumpren o filtro de busca.

3.3. CONSULTA/EDICIÓN DE NOTIFICACIONES

A través da sección do menú Notificacións – Busca poderá accederse ás notificacións para as que ten permisos o usuario autenticado (notificacións creadas por algún usuario do mesmo centro que o usuario autenticado) ben en modo consulta ou ben en modo edición.

Neste caso o formulario de notificacións varía un pouco respecto a o formulario amosado na sección 3.1 Engadir nova notificación, xa que ademais da información que se mostra nesta pantalla tamén se visualiza máis información. Esta información é a seguinte:



Datos do notificador creador da notificación

Usuario: educativo

Provincia: A CORUÑA

Apellidos: apelidos

Centro: DEFECTIVO MIGRACION


Correo electrónico:

Concello: ABEGONDO

Nome: nome

Teléfono:

Figura 9. Formulario de notificación – Detalle da sección "Datos do notificador creador da notificación"



Histórico de modificacións

Un elemento atopado.
Páxina 1

Data modificación	Usuario
21/12/2010 15:38	admin

Figura 10. Formulario de notificación – Detalle da sección "Histórico de notificacións".

- **Datos do notificador creador da notificación.** Esta sección conterá a información referente ao usuario creador da notificación. Só será visible no caso de que se acceda ao formulario en modo edición ou en modo consulta xa que non ten sentido no formulario de creación de notificación. É unha sección informativa non editable que conterá os seguintes datos:
 - o **Usuario.** Identificador do usuario que engadiu a notificación no sistema.
 - o **Provincia.** Provincia á que pertence o usuario.
 - o **Concello.** Concello do usuario.
 - o **Apellidos.** Apellidos do usuario.

- o **Nome.** Nome do usuario.
 - o **Centro.** Nome do centro ao que pertence o usuario.
 - o **Correo electrónico.** Correo electrónico do usuario.
 - o **Teléfono.** Teléfono de contacto do usuario.
- **Histórico de notificacións.** Ao igual que a sección anterior, só será visualizada no caso de que accedamos ao formulario en modo consulta ou edición, xa que para unha notificación esta sección non ten sentido. A sección amosa algúns detalles de todas as modificacións realizadas nunha notificación. Os datos que visualiza son os seguintes:
 - o **Data.** Data e hora da modificación
 - o **Usuario.** Identificador do usuario que realizou a modificación.

4. INFORMACIÓN DE INTERESE

Esta sección contén información relevante a cerca da utilidade de esta ferramenta, do proceso de notificación, da importancia que ten a notificación da sospeita de maltrato e sobre o modo de actuación no caso de sospeita. A información preséntase en formato pdf.

5. TROCAR CONTRASINAL

Esta opción de menú permitirá modificar o contrasinal do usuario.



El formulario, titulado "Datos acceso", está diseñado para cambiar la contraseña de un usuario. Incluye los siguientes campos:

- Identificador:** Un campo de texto con el valor "educador" predefinido.
- *Antiga contrasinal:** Un campo de texto para introducir la contraseña actual.
- *Nova contrasinal:** Un campo de texto para introducir la nueva contraseña.
- *Repetir contrasinal:** Un campo de texto para repetir la nueva contraseña.

Debajo de los campos, se indica: (*) Estos campos son obrigatorios. En la esquina inferior derecha, hay dos botones: "Gardar" y "Cancelar".

Figura 11. Trocar contrasinal.

Para poder modificar o contrasinal a aplicación solicitará introducir a seguinte información:

- **Antigo contrasinal.** Neste campo haberá que introducir o contrasinal asinado ao usuario ata o momento por motivos de seguridade.
- **Novo contrasinal.** Permitirá introducir o novo contrasinal co o que o usuario se identificará no acceso á aplicación.
- **Repetir contrasinal.** Haberá que introducir de novo o contrasinal escollido para o acceso para evitar erros á hora de introducir esta información.

Como indica ao pé da pantalla todos os campos son obrigatorios polo que non se gardará a información ata que se cumprimenten todos.

6. DATOS NOTIFICADOR

Ao premer nesta sección do menú a aplicación amosará a información asociada á persoa física pertencente ao centro que se encarga de realizar as notificacións de maltrato. Esta información poderá ser cambiada, ben porque cambia a persoa física encargada das notificacións ou ben porque a persoa ten asociados datos erróneos ou cambiou a súa información.

A screenshot of a web form titled "Datos notificador" with a green header. The form has a light gray background. At the top, there is a label "Identificador:" followed by a text input field containing the value "educador". Below this, there is a table-like structure with four fields: "Apellidos:" with the value "Defende o menor", "Nombre:" with the value "educador", "Correo electrónico:" with the value "educador@rumi.es", and "Teléfono:" with the value "981252525". The "Apellidos:" and "Nombre:" labels have a red asterisk. At the bottom of the form area, there is a note "(*) Estos campos son obligatorios". At the very bottom right, there are two buttons: "Guardar" and "Cancelar".

Figura 12. Datos notificador.

Contén os seguintes campos:

- **Identificador.** É o identificador empregado polo usuario á hora de autenticarse na aplicación. Este campo non poderá ser modificado.
- **Apellidos.** Apellidos da persoa física encargada no centro de realizar as notificacións.
- **Nome.** Nome da persoa física encargada de realizar as notificacións.
- **Correo electrónico.** Correo electrónico da persoa física encargada das notificacións. Aínda que este campo non é de obrigado cumprimento é interesante dispor desta información dado que o usuario administrador do Servizo de defensa do menor poderá poñerse en contacto co usuario por esta vía no caso de que lle sexa necesario.
- **Teléfono.** Teléfono de contacto da persoa física encargada de realizar as notificacións. Ao igual que no caso do correo electrónico, esta información non é obrigatoria, pero no caso de dispor dun teléfono de contacto, é interesante ter actualizada esta información de forma que, se ben o usuario administrador, ou ben os usuarios dos departamentos territoriais, precisan poñerse en contacto co usuario notificador de maltrato por algún motivo, poderán empregar esta vía.